

**Acta núm. 07/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 29 de abril de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
José Antonio Vidal González
María Rosa Romero Fariña.
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 29 de abril de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2025, DO 15/04/2025.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

3º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

4º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.

6º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

FORA DA ORDE DO DÍA:

1) ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN E ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE DURANTE O VERÁN DE 2025.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2025, DO 15/04/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 15.04.2025, acta núm. 06/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GABINA PÉREZ LÓPEZ, na que comunica que vai limpar a cuberta e as fachadas da vivenda emprazada na Urbanización Agro Novo nº 45 – Os Ánxeles.

A vivenda (referencia catastral 6346704NH2464N0012ZZ) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN ANTONIO LEIS FORJÁN, na que comunica que vai limpar a chimenea e os canalóns do edificio de vivendas emprazado na Avda. Vicente Ramos nº 6 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 7650403NH2475S0001OL) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL BECERRA REBOREDO, na que comunica que vai substituír os canalóns e baixantes da vivenda sita en Vilar nº 4 – Viceso, por uns novos de aluminio en cor branca.

A edificación (referencia catastral 1655601NH2415N0001GP) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación na zona oeste (NRO-1), e sitúase na aldea de Vilar que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como: VE5, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 28,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 93,37 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ FAJÍN RODRÍGUEZ, na que comunica que vai impermeabilizar a fachada sur, e pintar o resto das fachadas en cor branca, da vivenda sita no lugar de Forxán nº 4 – Viceso.

A edificación (referencia catastral 0174804NH2407S0001RW) na que se pretenden executar as obras asentase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-1), e sitúase na aldea de Forxán, que está dentro do inventario do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: VE1, e en base ao disposto na letra b) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,00 euros.

Total: 24,00 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PEDRO JAVIER GOYANES GARCÍA, na que comunica que vai executar unha instalación fotovoltaica e outra de aerotermia na vivenda sita en Chave de Carballo nº 44 – Bastavales.

A instalación fotovoltaica consonte coa memoria técnica asinada por Sara Abrea Expósito, técnica superior de enerxías renovables, está composta de 10 módulos a instalar de xeito “coplanario” sobre a cuberta da vivenda, e a instalación de aerotermia, segundo a memoria técnica asinada por Javier Méndez Garrido.

A parcela (referencia catastral 8712208NH481S0000SM) onde se van realizar as obras está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A bomba de calor a instalar deberá de afastarse como mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 345,30 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 409,87 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICENTE MATO VIDAL, na que comunica que vai renovar a cobertura de tella cerámica curva da vivenda de Vioxo de Abaixo nº 7 – Luaña, substituíndo as tellas vellas en mal estado por outras novas de similares características (tella cerámica curva).

A parcela (referencia catastral 1339401NH2413N0001RX) onde se pretenden executar as obras asentase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM, e atopase dentro da zona de afección dun regato.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 14.04.2025 (clave DH.W15.107963) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,70 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 90,27 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de JAVIER SEOANE LIÑARES, na que comunica que vai executar un peche na fronte da parcela, sita en Sabaxáns nº 92 – Bastavales. O peche farase con sillería de granito, deixando un portalón de entrada para vehículos e terá unha lonxitude de 15,20 m. e unha altura de 1,80 m., deixando libre o espazo de cesión recollido no proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia o 25.04.2023 (expediente número 2302161), presentado no seu día, e polo que a Xunta de Goberno Local do 06.06.2023 concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Sabaxáns nº 92 a Javier Seoane Liñares e Mónica Pampín Angueira.

O peche afastase a 8 m. do eixo da estrada AC- 300, axustándose ao aliñamento oficial fixado polo PXOM.

A parcela (referencia catastral 15013B503335970000MP) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,80 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 95,37 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de RAMÓN MOURIÑO FRESCO, na que comunica que vai executar un peche de parcela, no lugar de Chave de Ponte nº 51 – Bastavales.

A parcela (referencia catastral 15013B503011710000MZ) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, sendo de aplicación a ordenanza nº 8, e atópase dentro da zona de protección da estrada AC-300.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de data 14.04.2025 (expediente nº IF204A/AC/2024/0896), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberase axustar ás condicións impostas na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas de data 14.04.2025 (expediente nº IF204A/AC/2024/0896).
- O muro de fábrica de bloque deberá quedar revestido e pintado en tons claros.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,77 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 145,34 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de AGUSTÍN VÁZQUEZ CANEDA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Outeiro 44 – Os Ánxeles.

Con data 25/10/2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a AGUSTÍN VÁZQUEZ CANEDA e MARÍA PURIFICACIÓN TORRENTE SÁNCHEZ para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Outeiro 44, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.07.2022 e documentación complementaria visada o 14.10.2022 (expte. núm. 2203854).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echeverría con data 28.11.2024, visado polo Colexio Oficial de arquitectos de Galicia con data 31.01.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 14,49 euros.

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 111,34 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS JOSÉ RIVAS MIRANDA, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de Café - Bar- Restaurante “ O Padriño”, do local comercial situado na planta baixa do inmoble nº 54 de Sabaxáns – Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Sonia Elizabet Duarte Silveiro, e preténdese poñer a nome de CARLOS JOSÉ RIVAS MIRANDA.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de Café-Bar- Restaurante “ O Padriño”, do local comercial situado na planta baixa do inmoble nº 54 de Sabaxáns – Bastavales, a nome de CARLOS JOSÉ RIVAS MIRANDA, , DNI: ***6194**.

QUINTO .- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Óscar Luis Rodríguez Ramos, que di actuar en representación de ROCÍO SÁNCHEZ TASENDE e ADRIÁN ESPINO ARIAS solicitando licenza para executar obras de reforma da cuberta dunha antiga edificación tradicional destinada a vivenda sita no lugar de A Torre nº 9 - Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Óscar Luís Rodríguez Ramos, visado o 28.03.2025 polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia (expte. 2501595).

A parcela (ref.catastral 5774108NH2457S0001YX) na que se van executar as obras atópase afectada pola proximidade dunha serie de elementos de interese cultural, (Torres de Altamira BE1-BR4 e xacemento arqueolóxico XA-1), e conta con dúas clasificacións urbanísticas: parte (onde se asenta a vivenda), clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación (Ordenanza nº 8 NRL-1), e a parte traseira da parcela clasificada como solo rústico de protección histórico artística.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 02.04.2025 (Expediente: XTC-2025-0575.AUI) e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Óscar Luís Rodríguez Ramos, visado o 28.03.2025 polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia (expte. 2501595).

.- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en

calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 762,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 858,03 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Antonio Sabucedo Costa, que di actuar en representación de GENEROSA GARCÍA MORENO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Reboredo Pequeno 10 – San Salvador, segundo proxecto básico e de execución, asinado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, visado o 07.01.2025 e 21.03.2025 polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia (expte. 2500031).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 6226314NH2462N0001ZW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2) e atópase na zona de policía do rego de Perros.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 22.01.2025, (clave DH.W15.105756), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, visado o 07.01.2025 e 21.03.2025 polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia (expte. 2500031), e as condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 22.01.2025, (clave DH.W15.105756).

-. En relación coas obrigas sinaladas no artigo 24 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o propietario asume executar a súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades; o que implica a pavimentación do fronte da parcela (soleira de formigón), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluvias con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, para o que deberá aportar aos efectos aval bancario ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

A parcela, segundo a licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local con data 17.01.2019 é coincidente coa parcela neta, carecendo de espazo de cesión ao concello de terreos destinados a viais fora das aliñacións.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso,

na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 1.240,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.336,03 euros.

SEXTO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Carlos Mariano Valderrama Ferrando, que di actuar en representación de JORGE ABOAL VIÑAS, na que solicita prórroga do prazo de inicio das obras para construír unha vivenda unifamiliar, edificacións auxiliares, pérgola e piscina na rúa Santiago nº 1 – Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local en data 22.10.2024 concedeu licenza de obra a Jorge Aboal Viñas e María Florentina Alonso Alperi para construír unha vivenda unifamiliar, edificacións auxiliares, pérgola e piscina na rúa Santiago nº 1-Os Ánxeles), segundo proxecto básico modificado asinado polo arquitecto Carlos Valderrama Ferrando con data 26.08.2024 e documentación complementaria (plano R.3.5) de data 18.09.2024.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado deste acordo, para o inicio das obras.

FORA DA ORDE DO DÍA:

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade acordouse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

1) ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN E ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE DURANTE O VERÁN DE 2025.

Visto o informe técnico do 28.04.2025 e o informe de intervención do 29.04.2025.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar os seguintes prezos públicos, sometidos á condición suspensiva de que se conceda de forma definitiva a subvención correspondente ao Plan Corresponsables 2025 e se xere o correspondente crédito:

a) Prezo público por persoa/día para as actividades de conciliación:

MONITORAXE	G. INDIR. 21,52%	EX. MATERIAL	G. XERS (17%)	BEN. IND (6%)	TOTAL	IVE 10%	TOTAL
8,81	1,90	10,71	1,82	0,64	13,17	1,32	14,49 €

b) A aprobación da redución da tarifa anterior aplicando unha porcentaxe de entre o 15 e o 50%, segundo os tramos de Renda, do que resultará un prezo final a pagar polos solicitantes encadrados en cada un dos tramos de RPP sobre IPREM:

TRAMOS SEGUNDO % IPREM	IMPTE. DA RPC EN TRAMO	APORTAC. SOBRE PREZO XERAL	PREZO XERAL/DÍA	PREZO/DÍA RESULTANTE PARA CADA TRAMO
0-50 %	0'00-300'00 €	15 %	14,49	2,17 €
50-100 %	301'00-600'00 €	25 %		3,62 €
100-150 %	601'00-900'00 €	30 %		4,35 €
150-200 %	901'00-1.200'00 €	35 %		5,07 €
+ do 200 %	+1.200'00 €	50 %		7,25 €

c) Prezo público por persoa/actividade completa para cada un dos campamentos (infantil e xuvenil):

	MONIT.	GASTOS INDIREC.	EXECUC. MAT.	G. XERAIS 17%	BEN. IND. 6%	TOTAL	IVE (10%)	TOTAL	N.º PART.	TOTA L
INFANTIL (63'43%)	6.203,80	16.316,73	22.520,53	3.828,49	1.351,23	27.700,25	2.770,03	30.470,28	60 pax	507,8 4
XUVENIL (36,57%)	3.577,28	9.407,27	12.984,55	2.207,37	779,07	15.971,00	1.597,10	17.568,10	30 pax	585,6 0
TOTAL	9.781,08	25.724,00	35.505,08	6.035,86	2.130,30	43.671,25	4.367,12	48.038,37		

d) A aprobación da redución das tarifas anteriores aplicando unha porcentaxe de entre o 14 e o 50%, segundo os tramos de Renda, do que resultará un prezo final a pagar polos solicitantes encadrados en cada un dos tramos de RPP sobre IPREM.

TRAMOS SEGUNDO % IPREM	IMPTE. DA RPC. EN TRAMO	APORTAC. SOBRE PREZO XERAL	CAMPAMENTO INFANTIL	CAMPAMENTO XUVENIL
			PREZO TOTAL/PERSONA: 507'84 €	PREZO TOTAL/ PERSONA: 585'60 €
			PREZO DÍA RESULTANTE PARA CADA TRAMO	
0-50 %	0'00-300'00 €	14 %	71'00 €	82'00 €
50-100 %	301'00-600'00 €	21 %	107'00 €	123'00 €
100-150 %	601'00-900'00 €	28 %	142'00 €	164'00 €

150-200 %	901'00-1.200'00 €	35 %	178'00 €	205'00 €
+ 200 %	+1.200'00 €	50 %	254'00 €	293'00 €

e) A aplicación dunha bonificación do 25% sobre o prezo resultante, para segundos e seguintes participantes da mesma unidade familiar.

Os importes máximo e mínimo dos ingresos procedentes da aplicación destes prezos públicos reflíctense no seguinte cadro, se ben é necesario ter en consideración a variación posible segundo:

- O número de persoas participantes.
- As rendas das unidades familiares participantes.
- A confluencia de 2º e seguintes irmáns nunha mesma unidade de convivencia.
- A posible modificación da data de comezo do curso escolar no mes de setembro (entre o 5 e o 9 de setembro), que faría variar a duración en días da derradeira quenda de actividades de conciliación).

INGRESOS MÁXIMO-MÍNIMO POR COPAGOS DE ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN:

QUENDA	Nº DÍAS	Nº ESTIM.USUAR.	AP. MÍNIMA	AP. MÁXIMA
23-30/06	6	60	780,00	2.580,00
1-15 /07	11	100	2.400,00	8.000,00
16-31 /07	11	100	2.400,00	8.000,00
1-15 /08	10	70	1.540,00	5.040,00
16-31 /08	10	70	1.540,00	5.040,00
01-09/09	7	60	900,00	3.060,00
TOTAL			9.560,00	31.720,00

INGRESOS MÁXIMO-MÍNIMO POR COPAGOS DE CAMPAMENTOS:

QUENDA	Nº ESTIM.USUAR.	AP. MÍNIMA	AP. MÁXIMA
INFANTIL	60	4.260,00	15.240,00
XUVENIL	30	2.460,00	8.790,00
		6.720,00	24.030,00

3º) Acordar a publicación dos prezos mediante anuncio inserto no BOP.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,32 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González